

CONCURSO PREMIO(É)TAPAS+

CONVOCATORIA E PARTICIPACIÓN

1. Santiago(é)tapas convoca o concurso PREMIO(É)TAPAS+ co obxectivo de dinamizar o evento Santiago(é)tapas 2018 a través das redes sociais.
2. Poderá participarse a través de Facebook ou Instagram.
3. Non hai límite de imaxes subidas para cada participante ás redes sociais citadas.
4. O contido subido ás redes sociais deberá corresponderse co desenvolvemento da edición 2018 de Santiago(é)tapas.
5. Nas fotografías que se compartan nas redes sociais mencionadas deben verse claramente as tapas dos locais participantes e/ou elementos que mostren a marca do evento Santiago(é)tapas.
6. Naquelas fotografías onde se retrate persoas físicas identificables, o/a autor/a e propietario/a da foto deberá poder demostrar que conta co consentimento expreso das persoas retratadas.
7. A organización resérvase o dereito a eliminar do concurso aquelas imaxes que non cumpran cos seguintes requisitos:
 - Non se admitirán fotografías que poidan ferir a sensibilidade das persoas, nin que sexan contrarias á Lei, moral e/ou á orde pública, honra, intimidade ou propia imaxe ou en contra dos dereitos da infancia.
 - Fotografías que permitan identificar a menores de idade.
 - Fotografías que induzan, inclúan ou teñan relación directa ou indirecta con calquera tipo de violencia.
 - Calquera imaxe cuxo contido poida considerarse ofensivo.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR

1. Poderá participar calquera colectivo ou persoa física maior de idade, agás empregados e familiares ata o segundo grao de consanguinidade da organización de Santiago(é)tapas: Turismo de Santiago e Asociación Hostalaría Compostela.

2. Si poderán participar os establecementos e locais participantes nesta edición de Santiago(é)tapas.
3. As imaxes subidas ás redes sociais deben estar acompañadas co hashtag #SANTIAGOeTAPAS. Se o contido compartido non leva esta etiqueta non será visto nin valorado polo xurado.
4. Hai dúas formas de participar:
 1. Os usuarios poden subir á súa conta de Instagram de xeito público as imaxes.
 2. Os usuarios poden compartir as súas imaxes no evento de Facebook creado pola páxina SANTIAGO(É)TAPAS especificamente para este concurso.

PRAZOS PARA PARTICIPAR NO CONCURSO

O prazo para participar no PREMIO(É)TAPAS+ comeza o xoves 15 de novembro e remata o domingo 9 de decembro de 2018.

GAÑADORES E PREMIO

CONDICIÓN XERAIS E PUBLICACIÓN DOS GAÑADORES

Un xurado especializado en comunicación dixital decidirá a persoa ou colectivo gañador do premio en base aos seguintes criterios: creatividade, calidade e viralidade das entradas, dando prioridade a esta última característica.

Así, nunha primeira fase, escolleranse as imaxes finalistas: as 5 imaxes con máis “gústames” en Facebook e as outras 5 con máis “gústames” en Instagram.

Nunha segunda fase, o xurado elixirá a imaxe gañadora de entre esas finalistas pola súa creatividade e calidade.

O xurado decidirá o gañador ou gañadora a partir día 10 de decembro, unha vez rematado o prazo de participación.

A organización publicará o día 13 de decembro de 2018 o nome da persoa gañadora nas redes sociais Facebook e Instagram. A persoa gañadora dá o seu consentimento, mediante aceptación destas bases, para que o seu nome sexa publicado

sen que xere dereito a favor dos participantes a recibir contraprestación ningunha.

Se nos seguintes dous días da publicación do gañador ou gañadora, este non se pon en contacto coa organización para aceptar o premio e facilitar os datos completos, entenderase que renuncia ao mesmo. A organización resérvase o dereito de adjudicar o premio ao primeiro suplente e así sucesivamente.

O PREMIO(É)TAPAS+ será outorgado no acto final de entrega de premios prevista para o 17 de decembro de 2018.

PREMIO

O PREMIO(É)TAPAS+ estará dotado con diploma e 700 euros.

POLÍTICA PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo ao disposto no artigo 5 da Lei Orgánica de Protección de datos de carácter persoal infórmase que os datos facilitados, tanto no momento do rexistro no concurso como os datos derivados da participación neste, serán tratados no ficheiro denominado "concursos e sorteos", cuxa finalidade declarada á Axencia Española de Protección de datos é a xestión dos participantes. Quen facilita os datos recoñece ser titular destes e ademais expresamente recoñece a súa veracidade, autenticidade e exactitude.

O responsable do ficheiro, Información e Comunicación Local, S.A. e a Asociación Hostalaría Compostela, tratará os datos de acordo ás esixencias contidas na normativa de aplicación e atenderá os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que o titular dos datos exercite no enderezo Turismo de Santiago -

Rúa do Vilar, 63 ou Rúa Salvadas 29-31- 15705, Santiago de Compostela (A Coruña).

A organización de Santiago(é)tapas queda eximida de calquera responsabilidade consecuencia da existencia de erros nos datos facilitados polos gañadores e que impidan a súa identificación. Así mesmo tampouco responde da perda, roubo ou calquera outra circunstancia derivada do correo electrónico ao que se envía a comunicación aos gañadores.

Os participantes aceptan, mediante a súa participación no concurso que os seus nomes publicados, van ser compartidos e visualizados polo resto de usuarios de Facebook e Instagram sen que se infrinxa así a súa privacidade.

Ademais mediante a aceptación das bases, os participantes, exoneran a Facebook ou Instagram de calquera responsabilidade con respecto ao concurso.

Así mesmo a participación supón a aceptación expresa destas bases así como das decisións interpretativas que destas efectúe Santiago(é)tapas. Neste sentido, Santiago(é)tapas resérvase o dereito a modificar ou cancelar o concurso durante o desenvolvemento deste por circunstancias alleas ao seu control ou vontade.

RESPONSABILIDADE

Santiago(é)tapas resérvase o dereito a aprazar ou ampliar o período do concurso por causa de forza maior ou conorra xusta causa.

A participación no concurso esixe necesariamente a aceptación total das presentes bases, por iso é importante que antes de aceptar lese detidamente o contido destas.

O incumprimento en parte ou en todo das bases aquí publicadas dará lugar á exclusión do interesado como participante, quedando Santiago(é)tapas liberada do cumprimento de calquera obriga derivada do presente concurso.

Os premios estarán suxeitos a retención ou ingreso a conta en aplicación do art.101.7 da Lei 35/2006, do 28 de novembro e art. 75.2.c e 75.3.f do R.D. 439/2007, do 30 de marzo.